



## CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



### **PEL EMPRENDE INVESTIMENTO – ANO 2023.**

#### **OBXECTO E FINALIDADE.**

A finalidade destas axudas é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

#### **DESTINATARIOS E REQUISITOS.**

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda, e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter o domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña
- Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- No caso de persoas autónomas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, e non ter unha antigüidade superior aos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria.
- No caso de persoas xurídicas, a data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente non pode ter unha antigüidade superior aos 5 anos, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

#### **GASTOS SUBVENCIONABLES.**

- Aplicacións informáticas
- Maquinaria.
- Mobiliario.
- Equipos para procesos de información

#### **PERIODO SUBVENCIONABLE .**

Os investimentos subvencionables serán aqueles realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

#### **CONTÍA.**

Importe mínimo do orzamento de gastos	Mínimo: 3.500.00€ (Sen IVE) Máximo: 25.000,00€ (Sen IVE)
Importe da subvención a conceder	Mínimo: 2.450,00€ Máximo: 17.500,00€
Importe máximo a solicitar	Ata o 70% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como maximo do 0,70

**PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: ATA O 10 DE MARZO DE 2023 ÁS 14.00 HORAS.**

**PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO [981778169](tel:981778169). (Lourdes).**